

CATRO NOMES, CATRO PREMIOS

Por Xesús RÁBADE PAREDES e
Luís ALONSO GIRGADO

Unha confluencia feliz de circunstancias colaboraron a pór de actualidade a nosa narrativa. Semella como se unha nutrida promoción de autores se aprestase ó relevo decidido —e necesario— tras a desaparición de tres prosistas relevantes: Blanco Amor, Cunqueiro e Anxel Fole. Coas limitacións que o espazo nos impón, dedicaremos esta xeira de Quintana de Letras á presentación breve de catro narradores, galardonados hai pouco por outras tantas obras. Trátase de Alfredo Conde, Paco Martín, Lois Diéguez e X.M. Martínez Oca.

Iniciábase a síntese dos dez últimos anos de literatura galega cunha nova de actualidade: a concesión do Premio Nacional de Literatura ó novelista ourensán Alfredo Conde pola súa novela *Xa vai o Griffón no vento* (Ed. Galaxia, 1984). Cando cabería esperar que tal agasallo fose motivo de ledicia para todos —por levar de seu un explícito recoñecemento ós nosos escritores, á literatura na nosa lingua— o certo é que paradóxicamente, non faltou algunha voz disonante (cecais partidaria doutros candidatos galegos ó Premio) que amosou a súa

disconformidade e deu así unha ben pobre impresión.

Mais envexas e outras frustracións aparte, o certo é que nestes mesmos días o nome de Alfredo Conde é de novo actualidade. A reedición pola Ed. Galaxia de *Memoria de Noa*, a tradución ó castelán de *Xa vai o Griffón no vento* feita polo propio novelista (coa crítica de certos sectores da prensa literaria que invocaron o nome de Basilio Losada como máis axeitado para o devandito traballo de tradución) e, aínda máis: a saída, en datas próximas, das versións france-

sa e italiana da novela. Moito vai, xa que logo —moitos éxitos e premios— do Alfredo Conde que iniciou a súa traxectoria de escritor no eido da lírica con *Mencer de lias* (e que foi antologado entre os “novísimos” galegos no libro de M.^a Victoria Moreno Márquez) ó novelista que, confesando unha concepción da escritura como pracer, acadada hoxe o favor xeral do público lector.

En unhas mínimas observacións encol das tres novelas últimas da produción de Conde, *Breixo* é, en conxunto, unha arquetípica novela de personaxe, xa que todo o cosmos narrativo que posúe xira arredor do protagonista que lle dá título. Como personaxe, Breixo é encarnación da linguaxe; da necesidade —e do pracer— do home de rexistrar e dar vida á realidade enteira —aínda que esta sexa ficticia ou soñada— a través da palabra. Breixo, pois, ou a paixón de nomear. Achámonos perante unha novela chea de gracia e riqueza expresiva que engaiola pola espontaneidade e vitalidade do seu personaxe, polo seu informalismo —que non descuido— técnico, pola súa frescura e axeitado tempo narrativo.

Memoria de Noa, publicada en 1981, ó ano seguinte de aparecer *Breixo*, é, ó noso ver, a máis frouxa e mediocre das tres novelas do autor. A figura da protagonista (esta é tamén unha novela de personaxe) tarda en desafiarse o seu perfil e o fio da narración interrómpeuse dabondo en intres dun lirismo intimista ou en

digresión. Hai incluso despistes no punto de vista narrativo e a historia tarda en coller o seu ritmo. A novidade na nosa narrativa da instalación dun punto de vista feminino, sinalada no interesante traballo crítico de Anxo Tarrío (“Grial, 1986, nº 93) non pode exculpar este erro que denota certo descoido. Se Breixo é, en fin, a búsqueda do interlocutor no que a comunicación da linguaxe ten a súa meta e fin, Noa —“palabra boa” ela mesma— libérase coa palabra das interiores pantasma da súa anguria.

Xa vai o Griffón no vento é cecais a novela máis ambiciosa —en potencialidade imaxinativa, en preocupación estrutural, en riqueza histórica e cultural do seu cosmos narrativo— de Alfredo Conde. As dúas liñas que integran a trama narrativa deseñan unha estrutura contrapuntística que se desenvolve editorialmente en capítulos altermantes con cronoloxías ben alonxadas. Certamente, de novo as reflexións e digresións constitúen un material impostado que non se integra coa fluidez precisa na materia da ficción narrativa.

A facilidade de Alfredo Conde para contar, a súa potencia expresiva e a capacidade acadada na creación de personaxes fainos esperar deste novelista unha obra xa de absoluta madurez e perfección técnica.

Sonou tamén a hora doutro novelista de indiscutible interés: o luguéu Paco Martín. O seu libro de

relatos (vencellados pola figura do personaxe "profesor particular de Chairego e debuxante de soños por encarga" e da súa Cidade) *Das cousas de Ramón Lamote* (Ed. Galaxia/edicións S.M., 1985) acadou o Premio O Barco de Vapor 1984, foi finalista do Premio Andersen e obtivo aínda o Premio Nacional de Literatura infantil 1985.

Con *Das cousas de Ramón Lamote* a literatura infantil en galego obtén un nome de xa contrastada valía pola súa madurez na técnica de contar. O seu feliz achegamento ó mundo da ficción dos nenos é unha mistura de fantasía e visión dunha realidade galega e cuotidiana ollada cunha certa ironía crítica. A prosa de Paco Martín flúe con precisión e sinxeleza e as peripicias da trama e a creación de personaxes, certamente curiosos, son metas acadadas nestas narracións que sitúan a nosa literatura infantil nun nivel de radical dignidade por comparación co que se fai hoxe noutras linguas.

En *A canción do vagamundo*, premio de novela "Eduardo Blanco Amor" 1986, constrúe Lois Diéguez (1944) un mundo novelesco certamente problemático, trétego e suxerente, superador doutros intentos precedentes deste autor. Obra de ritmo lento, recreada na súa morosidade, pesada ás veces polo reiterativo e digresivo, nela gravita cunha presenza densa o triste e melancólico. Unha sombra ameazante penetra este universo e traba sen remedio o corazón dos persoaxes. Estes viven

xeralmente cara atrás, en perpetua evocación, procurando o imposible como saída única que libere a existencia atafegada do presente, que se dilata cunha opresión de louza: desde o drama da guerra e da posguerra á miseria moral do Lugo destes días, baixo a bota poderosa e analfabeta dun de tantos Manteigas. Nese lapso cronolóxico de varias xeracións actúan as criaturas desta historia.

Os personaxes de función máis relevante, presos nunha existencia que os desborda, camiñan para o reino da loucura (o tío Leandro, a mamá Otilia), a depresión e a intoxicación etílica, a execución de crimes no ámbito do soño (o atribulado Pedro). Como sucede en Neira Vilas, a quen Diéguez nos recorda con frecuencia, semella que a única vía de escape a tan dura continxencia reside no absentismo, na degradación, na morte ou na tolemia. Non faltan os personaxes, con todo, que afrontan decididos a brutal realidade; que loitan e se enfrentan: é o caso de Natalia, consolo espiritual e sexual do atafegado Pedro, tan en paralelo na súa militancia á figura da Evanxelina en *Xente ao lonxe*.

A canción do vagamundo mostra unha construción contrapuntística movida entre os dous ámbitos, en contraste permanente, da cidade/vila e mais da aldea, medios estes que tratan de explorarse nas súas estruturas e categorías de clase. Un elemento eixe sobre o que pivotan

ambos mundos é a presenza de Pedro, un dos personaxes mellor trazados da novela.

Polo demais, trátase dunha obra aceptablemente escrita, e nótese que o autor —non de balde e lugués— domina ben a lingua que utiliza. Quizais por veces é ostensible de máis a ideoloxía e socioloxía descarnadas, o doctrinario e discursivo, o anacronismo de explicitar no texto problemas de diglosia ou ben a veladura innecesaria de Monsfor, Lugh, A Corona, Maheriz e Cálibes, de seu tan evidentes.

Martínez Oca, polo seu lado, obtén o premio de narrativa "Manuel Casado Nieto" coa obra titulada *Detrás do silencio*, tamén editada agora por Sotelo Blanco. Foi autor xa premiado en edicións do "Modesto R. Figueiredo" e gañador, con *Beirmar*, do "Blanco Amor" en 1983.

Da explicitación sociopolítica de ensaios narrativos anteriores, transítase a unha especie de sentimental fuxida con *Detrás do silencio*,

ubicada nos ámbitos do soño e da memoria, pois sucede que a vida —confesa o narrador— "só paga a pena vivida ancorados na ficción. Tres tempos ou direccións conforman o relato, que acha a súa andadura e clima máis constante na intersección de vixilia e onirismo ou na evocación das raíces que nos preñen desde atrás. Todo está salferido de frustracións e medos, de impotentes historias a través de variopintos personaxes, só esbozados, onde por veces asoma a ironía. Un mundo que ó final se desdubuxa nunha especie de irrealidade ou brétema. Estas problemáticas criaturas aliméntanse de contradicións constantes e de inseguridades, porque "o que se volve e olla para atrás ve cousas terribles que o petrifican", e porque verdadeiramente non existe o regreso: só existen espellismos e a constante ameaza de achármonos coas mans apalmando o vacío.

Xesús RÁBADE PAREDES e
Luís ALONSO GIRGADO